



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O  
DÍA TRINTA DE OUTUBRO DO DOUS MIL OITO.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García , D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. María Concepción Torral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, , D. Guillermo Leal Arias, D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

**SECRETARÍA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

**INTERVENTOR**

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do trinta de outubro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, e o Interventor municipal, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en segunda convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DO DÍA 29 DE AGOSTO E 4 DE SETEMBRO DE 2008.**

**- EXTRAORDINARIA DO DÍA 29 DE AGOSTO DO 2008.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2008, producíndose a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que páxina 3, onde dí: "...que se está saíndo do tema e que este é moi importante para Viveiro", debe dicir: "... que hai que centrarse na Orde do Día e que é un asunto moi importante para Viveiro que é o de prestar servizos aos cidadáns"; a seguir, prodúcese a do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que no último párrafo da páxina 2 do acta, onde dí; "... que xa sabe que a Oposición está para eso, ha de dicir; "...que xa sabe que é unha das opcións da Oposición.", así mesmo, o citado Concelleiro lembra que xa llo dixo á Sr<sup>a</sup>. Secretaria que na páxina 4, na aprobación definitiva do Presuposto hai un erro no dígito primeiro da cifra, que hai un 2 onde debe figurar un 1, non se producen outras intervencións, e o Pleno por unanimidade, acorda aprobar a dita acta coas ditas indicacións.



- **EXTRAORDINARIA DO DÍA 4 DE SETEMBRO DO 2008.**

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2008, polo Sr. Alcalde indicase que na páxina 1, antes de dar a palabra, pediu, como Alcalde, que figurara en acta o que dixo a Secretaría en funcións, D<sup>a</sup>. Fátima Moar Rivera, referido a que o Interventor dixerá que non fixeran caso ás cantidades que figuraban ao inicio do informe de Secretaría, porque se baseaban nuns cálculos erróneos que se lle facilitarán antes de emitir o informe; polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, se dí que na páxina 2, parágrafo 1º, na primeira frase, non se corresponde co que el expresou, non producíndose outras intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación a dita acta coas mencionadas indicacións.

2º.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIVEIRO.**

Polo Sr. Alcalde faise un resumo da proposición, sinalando os argumentos nos que se basea e que sirven de base á dita proposta.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí estar encantado e facendo votos para que se acepte esta proposta, con vista á elaboración dos Orzamentos do Concello do ano 2009.

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí estar encantado de que esta proposta asuma a Xunta de Galicia, destacando, a seguir, o alto nivel de cualificación dese Centro, e a importancia que ten para a zona da Mariña. Lembrando que xa no ano 2003 o PP fixera unha moción nese sentido, aínda que pedían, a maiores, unha edificación nova que dí que hoxe en día non sería quizáis viable ese aspecto das infraestructuras, aínda que ao supoñer un aforro para o Concello, se o asume a Xunta, considera que será un desaforo económico, que beneficiará a outros servizos para o cidadano.

O Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que dí que vai votar a favor, indicando que o Vicepresidente da Deputación tamén estivo visitando o Conservatorio e, engadindo, que se lle permite, dado que está a finalizar o Orzamento deste ano, se inclúa o compromiso de todos os grupos do Parlamento Galego, de dotar presuposto para este fin.

O Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que todo o que se faga polo Conservatorio de Viveiro lle parece ben e que ampliar ou mellorar o seu funcionamento, sería máis factible co apoio que dí o Concelleiro do BNG.

Finalmente, polo Sr. Alcalde-presidente manifestase que como proponente que é deste asunto, acepta a petición do Concelleiro do BNG de que se lle comunique este acordo a todos os grupos Parlamentarios a efectos de que o apoien no Parlamento de Galicia. Sinalando que considera conveniente reivindicar esa petición e, por iso acepta a addenda do BNG a súa proposta, e que os veciños de Viveiro poden estar tranquilos de que os Voceiros do PP e PS de G-PSOE e os Concelleiros de



IU-EU e BNG estarían coa pancarta na rúa ao fronte dunha manifestación para defender esa petición, senón se lles fai caso.

A seguir, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a proposta da Alcaldía, incluíndo como addenda a indicación feita polo Concelleiro do BNG de que se dea traslado da mesma aos grupos políticos do Parlamento de Galicia, que, textualmente, dí:

**“PROPOSTA DA ALCADÍA SOBRE O CONSERVATORIO DE MÚSICA DE VIVEIRO.”**

O Conservatorio Profesional de Música de Viveiro é un centro público de titularidade municipal, que pola súa situación **abarca unha gran área xeográfica**. Os nosos alumnos proceden tanto da localidades de toda a Mariña como de localidades da provincia da Coruña, como poden ser Ortigueira ou Cariño. Polo tanto, conta cunha zona de influencia de **aproximadamente 80.000 habitantes**, similar á doutros conservatorios dependentes da Consellería de Educación, como poden ser os Conservatorios de Ourense, Ferrol, Lugo ou Pontevedra.

O número de alumnos para o curso 2008/2009 é de **309**, incrementase ano tras ano.

O **orçamento de gastos** do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro que ronda os 600.000 euros, tendo só en conta gastos de persoal e funcionamento, acarrea ás arcas municipais un **déficit duns 422.000 euros anuais**, cantidade que aumenta cada ano co fin de garantir a calidade na ensinanza, xa que o número de alumnos leva consigo un incremento do profesorado e a adaptación á nova lexislación das ensinanzas de música supón unha necesidade de abastecer ás aulas con máis medios. Todo isto require un grande esforzo para un Concello como o de Viveiro, que conta cunha poboación duns 16.000 habitantes, e que só recibe da Xunta de Galicia para o funcionamento do Conservatorio unha pequena subvención que no ano 2007 supuxo a cantidade de 34.710,78 €

Supón unha **discriminación** para os alumnos do Conservatorio aboar uns importes en concepto de matrícula e impartición de clase que na maioría dos casos é **cinco veces superior** ás dos alumnos que por razóns de proximidade se poden matricular nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O **gran impacto social do Conservatorio** Profesional de Música de Viveiro na comarca da Mariña, que queda reflectido tanto en documentos administrativos como en xornalísticos. As agrupacións do Conservatorio como o “Grupo de Improvisación”, a “Orquestra de vento”, a “Orquestra de corda”, o “Coro do Conservatorio”, o “Grupo de clarinetes”, as “Agrupacións de conxunto”, os “Alumnos de canto”, “Banda de gaitas”, realizan actuacións en Viveiro e a súa comarca ao longo de todo o curso escolar:

- Colaboran con todos os centros de primaria do Concello de Viveiro, onde realizan concertos didácticos e organizan con eles as “Xornadas corais infantís”.
- Organizan os concertos de fin de curso con gran asistencia de público.
- Realizan actividades conxuntas con diferentes asociados culturais e entidades como o “Casino de Viveiro”, “Os aventados”, “Escola Oficial de Idiomas”, etc.
- Organizan os “Concertos na rúa”, onde enchen Viveiro de música.



---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

- Realizan concertos multitudinarios de música popular como “Voces da Mariña”, en colaboración con 14 cantantes mariñanos e cunha orquestra formada por profesores do Conservatorio.
- Colaboran co Concello de Viveiro en diferentes actos ao longo do ano.
- Organizan concertos e audicións dos seus alumnos ao longo do ano escolar.

Non é competencia das administracións locais garantir a impartición das ensinanzas musicais regradas.

Polo anteriormente exposto solicito ao Pleno adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que asuma a titularidade e xestión do Conservatorio de Música Profesional de Viveiro, partindo do actual cadro de persoal e número de alumnos.

**SEGUNDO.-** Dar tralado do presente acordo plenario á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

### **3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO AO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA.**

Polo Sr. Alcalde indícase que se trata de darlle unha formalidade institucional, xa que lle consta que todos os corporativos se atopan de acordo coa Proposta da Alcaldía de adhesión do Concello ao Grupo de Acción Costeira,

Aberta a quenda de intervencións, os Voceiros do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias e os Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño, se manifestan de acordo coa proposta da Alcaldía.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía que, textualmente, dí:

“D. MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Viveiro, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Acordarse de que o Concello de Viveiro, con CIF P2706700h, con domicilio social en Praza Maior, 1, 27850, Viveiro (Lugo), e nacionalidade española constitúa e forma parte da Asociación Grupo de Acción Costeira “A Mariña-Ortegal” que tomará como forma xurídica, asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei de Asociacións 1/2002

**SEGUNDO.-** En relación ao mesmo asunto, acordase tamén outorgar a conformidade aos estatutos da asociación que forman parte deste acordo como anexo.

**TERCEIRO.-** Así mesmo, désígnase como representante no acto constitutivo e como representante permanente da asociación a D. Melchor Roel Rivas, con DNI: 32.626.871-Z, Alcalde pre-



sidente desta entidade. Así mesmo desígnase como suplente do anterior a D<sup>a</sup>. María Loureiro García, con DNI: 33.997.309-C, 1<sup>a</sup>. Tenente de alcalde desta entidade.”

#### **4º.- APROBACIÓN INICIAL DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDA.**

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, sinálase o dictame favorable da Comisión Informativa de Facenda, na sesión celebrada o derradeiro 27 de outubro, que dictaminou favorablemente, por maioría, a aprobación inicial do presente recoñecemento extraxudicial, absténdose o Voceiro do PP, d. Guillermo Leal Arias e o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese en primeiro lugar, a do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que no expediente consta unha proposta súa, así como o informe do Sr. Interventor, sinalando, a continuación, que seguindo na liña doutros exercizos orzamentarios se atende á liquidez coa que contan e puntualizando que non é máis cantidade dada a situación económica que se está sufrir.

A seguir o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, expón que o motivo da abstención do seu grupo non se atopa nas facturas que se propoñen para o seu recoñecemento, aínda que dí que tamén se podería preguntar ¿ porque estas e non outras?. Non obstante, considera que o tema máis trascendente é o contido do informe do Sr. Interventor, onde dí: “o día 24 de outubro de 2008, ás 14 h. 30 m. se me facilita a relación de facturas para a súa aprobación polo Pleno o día 27 de outubro do 2008. En relación co exame de ditas facturas non se facilita o tempo necesario para o seu exame, polo que a proposta da Concellería de Facenda carece da fiscalización previa, prevista no artigo 214.2 do TRLRHL, polo tempo necesario mínimo, tamén que: “ entre outras objecións que non es legal el fraccionamiento del contrato con la finalidad de no aplicar el régimen jurídico referido al procedimiento de adjudicación y de publicidad. Sólo excepcionalmente cuando el objeto del contrato admita el fraccionamiento”. Igualmente, dí que constan obxeccións a todas as facturas, que carecen da fiscalización previa, polo que son nulos de pleno dereito. A continuación, dí que ante tan demoledor informe non sabe como se propón ao Pleno aprobar este expediente, polo que, continúa, mencionando o informe de Intervención respecto ao caso do barrio do Chao, no que se incumpre a anualidade orzamentaria e a conformidade ás facturas que ten que facer o Sr. Alcalde ou un Concelleiro, saltándose, desta maneira, o informe de Intervención ao incluírse na Orde do Día do Pleno.

Intervén, a continuación, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dicindo que se vai a abster polos motivos expostos na sesión da Comisión Informativa.

A continuación, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que vai votar a favor.

O Sr. Alcalde contesta ás intervencións, dicindo que os informes demoledores deberían ter bases fundadas porque cando dí o Interventor que se fraccionan as obras, para facer esas afirmacións hai que basealas e, no seu caso, ir ao Fiscal. Continúa dicindo que, en canto ás citas a Iglesia Evangelista, que aparece no informe de Intervención, considera que teñen que fundarse as mesmas, xa que os traballos de formigonado e afirmado na Iglesia Evangelista, deberían preguntarse de quen



son de titularidade eses terreos. En canto ao alumeado do barrio do Chao, lembra que todos estaban de acordo en que había que cambialo pola súa perigosidade, facendo fincapé en que é obriga do Concello prestar ese servizo. Que ese é o informe de Intervención, pero que o PP e o BNG coñecen a realidade e o derradeiro dos concelleiros citados víu as facturas. Finaliza dicindo que o seu grupo vai a votar a favor para que O Chao teña o alumeado que se merece e que o resto das facturas atópanse documentadas, e que quen crea que hai facturas que se pidiron fraudulentamente que se denuncie na Fiscalía.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos (PS de PSOE e IU.EU) e oito abstencións (PP e BNG), acorda aprobar inicialmente o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos que dí:

### **“CREDITO EXTRAORDINARIO**

### **MOCION DE ALCALDÍA**

Como consecuencias de las siguientes necesidades que no pueden demorarse hasta el ejercicio siguiente:

Como consecuencia de las siguientes necesidades que no pueden demorarse, tal como constan en el siguiente informe, se procedió a la realización de sustitución del alumbrado en el Barrio del Chao (Celeiro).

### **INFORME TÉCNICO**

Santiago Meitín Míguez, arquitecto, en base a los siguientes

#### **ANTECEDENTES**

Que con fecha 4 de mayo de 2007, el alcalde D. Melchor Roel Rivas, solicita ante este departamento que se inspeccione la situación en la que se encuentra la instalación de alumbrado público del barrio del Chao en Celeiro, dado que según continuas quejas de los vecinos y del departamento eléctrico del Excmo. Concello de Viveiro es necesaria la rápida intervención para garantizar el buen funcionamiento y seguridad pública de la instalación.

#### **INFORMA**

Que ese mismo día se presencia en el lugar estipulado con el fin de analizar la situación física de la instalación referida y de lo cual se detecta:

- Que la instalación fruto de este informe y localizada en el barrio del Chao en Celeiro y según conocimiento de este ayuntamiento fueron colocadas hace mas de 30 años.
- Que las luminarias están ancladas a las fachadas de las viviendas mediante palomillas metálicas, algunas de estas palomillas se encuentran en un estado de conservación deplorable, rotas y oxidadas, arriestradas con vientos de acero a las cubiertas, pudiendo desprenderse en algún momento y causar daños personales a los habitantes y visitantes.
- La mayor parte de las luminarias se encuentran dobladas, bien por golpes de vehículos de gran porte o por causas meteorológicas. Dicha inclinación afecta a la estabilidad de la luminaria que junto con el deterioro que presentan los pernos y tuercas de anclaje a fachada facilita el posible desplome ante cualquier golpe o inclemencia inesperada.
- El cableado de la instalación discurre aéreo por las fachas de las viviendas, dicho cableado está totalmente deteriorado por su antigüedad. Los más de 30 años de dicho cableado a la intemperie ha provocado que se reseque la protección exterior del mismo, presentando fisuras y por ello la inseguridad de la instalación.

Al mismo tiempo en la mayor parte de de la instalación se han desprendido las grapas de agarre del cableado, siendo substituidas estas por alambres y cordeles.





Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

- El sistema de alumbrado existente es tan anticuado que la reactancia está exenta de la luminarias, lo cual implica cada vez que hay precipitaciones el agua de lluvia se filtra al interior de dichas reactancias quemándose y gereando el salto de la instalación.
- El cuadro de mando y protección es el elemento mas perjudicial de la instalación, ya que su antigüedad y deterioro puede causar graves problemas.  
La carcasa exterior de dicho cuadro es metálica y se encuentra oxidada, permite la filtración del agua al interior pudiendo generar problemas de cortocircuitos y daños por contacto indirecto.  
El equipamiento interior de dicho cuadro, fusibles, limitadores y diferenciales, están desfasados, no cumpliendo la normativa vigente en cuanto a protección y seguridad de la instalación.

**PROPONE:**

Proceder a la inmediata substitución de la instalación de alumbrado público existente en el barrio del Chao de Celeiro, por considerar que puede ocasionar graves daños a terceros, dado el mal estado estructural y de conservación en el que se encuentra.

Y para que así conste firmo la presente a 4 de mayo de 2007.

Santiago Meitín Miguez

Posteriormente se procedió a aprobar definitivamente el Presupuesto municipal correspondiente al ejercicio 2008 el 29 de agosto de 2008. En dicho Presupuesto no se recogía la previsión de atender al actual gasto. El día 11 de julio de 2008 se recibe Resolución definitiva de concesión de axudas ( Axudas encamiñadas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables ). La obra que se subvencionaba era la correspondiente al proyecto ILUMINACIÓN PÚBLICA NO BARRIO MARIÑEIRO DO CHAO-CELEIRO. El plazo para justificar la realización de la obra finalizaba el 15 de septiembre de 2008. No se solicitó prórroga en la justificación del gasto y según se justifica en las facturas aportadas a la Tesorería municipal la obra se encuentra realizada. Estas obras corresponden a la instalación de alumbrado público en la calle Santiago( O Chao , Celeiro) y la calle San Roque ( O Chao , Celeiro).

Asimismo hay una expectativa de que el agente subvencionador haga efectiva la subvención comprometida hasta el 15 de septiembre de 2008. Esta expectativa no permite tramitar una generación de crédito , pero sí se puede tramitar otra modificación presupuestaria.

Para la realización de dichos fines, es necesario el incremento del presupuesto de gastos, bien al no existir consignación presupuestaria en la vinculación jurídica correspondiente, bien porque el crédito existente es insuficiente y no ampliable en las siguientes partidas y por los importes que se indican:

Partida	Descripción	Importe INICIAL
43101.611	INVERSIONES DE REPOSICIÓN ALUMBRADO PÚBLICO .BARRIO DEL CHAO (CELEIRO).	0 €

Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:

Con baja en las partidas que a continuación se relacionan:

Partida	Descripción	Importe
43103.620	INVERSIONES parques y jardines 2008/2/PARQU/1	10000 €
43104.61100	INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GRAL 2006/2/RHCSH/1	15602.63 €
452.622	INVERSIÓN EN EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES.DEPORTES 2008/2/DEPOR/1	14000 €
511.611	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERAL2008/2/VIALE/2	20.000 €
511.610	CONSERVACIÓN PISTAS POR DAÑOS TEMPORAL 2008/2/VIALE/1	5000 €
123.226	GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EJERCICIOS ANTERIORES RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL	52.221.22 €



Las señaladas partidas corresponden proyectos de gasto que, bien no es necesaria su ejecución en el actual ejercicio, bien pueden ser reducidos sus importes dado que la evolución del ejercicio y la ejecución de los proyectos y partidas nos permiten disminuir los importes indicados sin perturbación o merma en el correspondiente servicio.

Por tanto, por la presente ordeno:

INCOAR el correspondiente expediente de crédito extraordinario núm 78/2008 con el siguiente desglose:

Partida que se incrementa	Descripción	Importe
43101.611	INVERSIONES DE REPOSICIÓN ALUMBRADO PÚBLICO .BARRIO DEL CHAO (CELEIRO).	116.823,85 €

Partidas que se minoran	Descripción	Importe
43103.620	INVERSIONES parques y jardines 2008/2/PARQU/1	10000 €
43104.61100	INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GRAL 2006/2/RHCSH/1	15602.63 €
452.622	INVERSIÓN EN EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES. DEPORTES 2008/2/DEPOR/1	14000 €
511.611	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERAL 2008/2/VIALE/2	20.000 €
511.610	CONSERVACIÓN PISTAS POR DAÑOS TEMPORAL 2008/2/VIALE/1	5000 €
123.226	GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EJERCICIOS ANTERIORES RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL	52.221.22 €
TOTAL		116.823,85 €

Incorpórese el informe de la Intervención municipal y todos aquellos informes que se estimen pertinentes y elévese al Pleno de la Corporación para su aprobación previo informe de la Comisión informativa correspondiente.”

#### **“INFORME DE INTERVENCIÓN**

**Asunto:** Expediente de modificación de créditos núm 78/2008

##### **1.- Legislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.
- Real Decreto 500/990, de 20 de abril, por el que se desarrolla la Ley Reguladora de las Haciendas Locales en materia presupuestaria.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, de los Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Orden de 20 de septiembre de 1989 que establece la estructura de los presupuestos de las corporaciones locales.





- Bases de ejecución del Presupuesto para el ejercicio corriente.

## **2.- Organo competente.**

Pleno de la Corporación previo dictamen de la Comisión informativa correspondiente. Se aprobara con sujeción a los mismo trámites y requisitos que la probación del presupuesto.

## **3.- Informo.**

Corresponde al órgano competente para la aprobación del gasto apreciar las circunstancias que determinan que los presentes gastos no puedan demorarse hasta el ejercicio siguiente. No obstante, de los antecedentes que posee esta intervención, se ha podido contrastar los datos aportados por la Alcaldía en su memoria y que justifican determinan la misma.

De los antecedente que tiene esta Intervención, la baja o minoración de los de los créditos indicados no afecta a compromiso válido alguno de esta Corporación con acreedores municipales ,estando disponibles para la financiación del expediente sin que, a juicio de quien suscribe, implique perturbación en la prestación del servicio público.

Existe motivación suficiente en la memoria de Alcaldía de la necesidad y urgencia de la modificación debiéndose apreciar por el Pleno si estas circunstancias son claras y determinantes para realizar esta declaración. No obstante, esta Intervención ha podido comprobar en los antecedentes que posee, los datos de contenido económico aportados por la Alcaldía en su memoria y que justifican la misma.

La ejecución del gasto deberá quedar condicionada a la plena disponibilidad de los recursos de la operación de préstamo.

Esta intervención informa favorablemente el expediente de modificación de créditos con el siguiente propuesta de acuerdo:

1.- APROBAR inicialmente el expediente de modificación de créditos núm 78/2008 correspondiente a créditos extraordinarios, con el siguiente desglose:

Partida que se incrementa	Descripción	Importe
43101.611	INVERSIONES DE REPOSICIÓN ALUMBRADO PÚBLICO.BARRIO DEL CHAO (CELEIRO).	116.823,85 €

Partidas que se minoran	Descripción	Importe
43103.620	INVERSIONES parques y jardines 2008/2/PARQU/1	10000 €
43104.61100	INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GRAL 2006/2/RHCSH/1	15602.63 €
452.622	INVERSIÓN EN EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES.DEPORTE 2008/2/DEPOR/1	14000 €
511.611	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERAL2008/2/VIALE/2	20.000 €
511.610	CONSERVACIÓN PISTAS POR DAÑOS TEMPORAL 2008/2/VIALE/1	5000 €



123.226	GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EJERCICIOS ANTERIORES RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL	52.221,22 €
TOTAL		116.823,85 €

2.- EXPONER al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia, por espacio de 15 días el citado expediente, durante los cuales los interesados podrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. Se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones.

3.- FACULTAR al Alcalde para la firma de cuantos documentos sean necesarios para la ejecución del presente acuerdo.”

“Propuesta del Concejal de Hacienda.  
RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL.

De acuerdo con la Base 23 de las Bases de Ejecución del Presupuesto vigente, el Pleno es el órgano competente para el reconocimiento extrajudicial de créditos. El procedimiento requiere de propuesta del Concejal delegado en la que se indicará el motivo por el que el gasto no fue aprobado .

A continuación se recoge la relación de facturas objeto del reconocimiento extrajudicial que se propone al Pleno :

2008/2808: Factura correspondiente a la instalación de alumbrado público en la calle Santiago ( O Chao, Celeiro) según proyecto realizado por el ingeniero Luis Esteban Rey con fecha de marzo de 2006. Importe de 57.121,69 €

2008/2809: Factura correspondiente a la instalación de alumbrado público en la calle Santiago ( O Chao, Celeiro) según proyecto realizado por el ingeniero Luis Esteban Rey con fecha de marzo de 2006. Importe de 59.702,16 €

Se condiciona la aprobación del reconocimiento extrajudicial de créditos a la aprobación definitiva de la modificación presupuestaria 78/2008.

Todos estos gastos no fueron objeto de aprobación en el ejercicio porque no había crédito en la partida presupuestaria a la que se debía aplicar el gasto. Para justificar la realización del gasto sin crédito debe tenerse en cuenta el informe de D. Santiago Meitín :

**INFORME TÉCNICO**

Santiago Meitín Míguez, arquitecto, en base a los siguientes

**ANTECEDENTES**

Que con fecha 4 de mayo de 2007, el alcalde D. Melchor Roel Rivas, solicita ante este departamento que se inspeccione la situación en la que se encuentra la instalación de alumbrado público del barrio del Chao en Celeiro, dado que según continuas quejas de los vecinos y del departamento eléctrico del Excmo. Concello de Viveiro es necesaria la rápida intervención para garantizar el buen funcionamiento y seguridad pública de la instalación.



## **INFORMA**

Que ese mesmo día se presencia en el lugar estipulado con el fin de analizar la situación física de la instalación referida y de lo cual se detecta:

- Que la instalación fruto de este informe y localizada en el barrio del Chao en Celeiro y según conocimiento de este ayuntamiento fueron colocadas hace mas de 30 años.
- Que las luminarias están ancladas a las fachadas de las viviendas mediante palomillas metálicas, algunas de estas palomillas se encuentran en un estado de conservación deplorable, rotas y oxidadas, arriestradas con vientos de acero a las cubiertas, pudiendo desprenderse en algún momento y causar daños personales a los habitantes y visitantes.
- La mayor parte de las luminarias se encuentran dobladas, bien por golpes de vehículos de gran porte o por causas meteorológicas. Dicha inclinación afecta a la estabilidad de la luminaria que junto con el deterioro que presentan los pernos y tuercas de anclaje a fachada facilita el posible desplome ante cualquier golpe o inclemencia inesperada.
- El cableado de la instalación discurre aéreo por las fachas de las viviendas, dicho cableado está totalmente deteriorado por su antigüedad.  
Los más de 30 años de dicho cableado a la intemperie ha provocado que se reseque la protección exterior del mismo, presentando fisuras y por ello la inseguridad de la instalación.

Al mismo tiempo en la mayor parte de de la instalación se han desprendido las grapas de agarre del cableado, siendo substituidas estas por alambres y cordeles.

- El sistema de alumbrado existente es tan anticuado que la reactancia está exenta de la luminarias, lo cual implica cada vez que hay precipitaciones el agua de lluvia se filtra al interior de dichas reactancias quemándose y gereando el salto de la instalación.
- El cuadro de mando y protección es el elemento mas perjudicial de la instalación, ya que su antigüedad y deterioro puede causar graves problemas.  
La carcasa exterior de dicho cuadro es metálica y se encuentra oxidada, permite la filtración del agua al interior pudiendo generar problemas de cortocircuitos y daños por contacto indirecto.  
El equipamiento interior de dicho cuadro, fusibles, limitadores y diferenciales, están desfasados, no cumpliendo la normativa vigente en cuanto a protección y seguridad de la instalación.

## **PROPONE:**

Proceder a la inmediata substitución de la instalación de alumbrado público existente en el barrio del Chao de Celeiro, por considerar que puede ocasionar graves daños a terceros, dado el mal estado estructural y de conservación en el que se encuentra.

Y para que así conste firmo la presente a 4 de mayo de 2007.

Santiago Meitín Miguez

Asimismo corresponde al Pleno la aprobación mediante reconocimiento extrajudicial de las siguientes facturas que se acompañan a este escrito en documento anexo de 19 hojas ( N° de relación H/2008/3) por un valor total de 201.486,79 € Estos gastos no pudieron ser objeto de aprobación en el ejercicio de realización de dichos gastos por no haber crédito en el Presupuesto corriente .

## **PROPUESTA:**

Se propone al Pleno la aprobación mediante reconocimiento extrajudicial de créditos de las facturas anteriores, así como la aprobación de la modificación presupuestaria 78/2008.  
Este gasto se aplicará a la partida:



43101.611	INVERSIONES DE REPOSICIÓN ALUMBRADO PÚBLICO .BARRIO DEL CHAO (CELEIRO).	116.823,85 €
-----------	---	--------------

Se propone asimismo la aprobación del reconocimiento extrajudicial de diversas facturas que se documentan en hojas anexas y que se aplican a la partida 123.226 salvo las siguientes que se aplican a la 123.601:

- 2007/1379. 3712,53
- 2007/1700. 12270,42
- 2007/1701. 27122,59 €
- 2007/4401. 7636,16 €
  
- 2007/4415. 4798,19 €
- 2007/3860. 3.055,31 €

Cuantía total del Reconocimiento extrajudicial: 201.486,79 €

Gastos imputables a la partida 123.226: 142.891,59 €

Gastos imputables a la partida 123.601: 58.595,20 €

La aprobación del reconocimiento extrajudicial de créditos se condiciona a la existencia de crédito adecuado y suficiente en el presupuesto municipal. La aprobación del reconocimiento extrajudicial , en lo que se refiere a los gastos imputables a la partida 123.601 , se condiciona a la adjudicación por la Alcaldía de la operación de crédito prevista en el Presupuesto municipal para el ejercicio 2008.”

Comunicar o presente acordo ao Sr. Interventor, ao Sr. Técnico de Servizos Económicos, así como ao Sr. Director de Servizos Sociais.

**5º.- DACIÓN DE CONTA DA ALCALDÍA DA CONTESTACIÓN DA XUNTA DE GALICIA Á CONSULTA URBANÍSTICA FORMULADA POLO CONCELLO (CONVENIO A PIUNCA, S. L.).**

O Sr. Alcalde inicia a súa exposición lembrando que tal e como se expuso nunha sesión plenaria hai tempo o asunto é para para evitar un tapón existente en Covas, polo que se considerou favorable levar a cabo un Convenio coa promotora e a edificabilidade trasladala á parte posterior da edificación, suxeitándose ao compromiso, por parte do Concello, de solicitar informe á Xunta de Galicia sobre dito Convenio.

A seguir, sinala que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes fai unha contestación que considera ten moitas aristas e dí que as obras non cumpren coa legalidade; cando todas as actas dos órganos de goberno, nas que se inclúen as concesións de licenzas de obras, se remiten á Xunta de Galicia; a continuación se pregunta ¿por que trae este escrito a Pleno? Respostando que o fai en cumprimento dun acordo plenario que adoptou solicitar ese informe. Informe que dí expide a Xunta de Galicia con moita celeridade e por un servizo que, cando menos, lle xera desconfianza na súa capacidade xurídica. Refírese, a continuación, a que en Cervo, o servizo que cita, incoou un expediente contra 546 vivendas e se lles pasou o prazo, feito que se produxo tamén en San Cosme de Barreiros. Tamén sinala, que esta contestación a pasan aos servizos xurícos do Concello e tamén aos promotores, xa que a Xunta non fixo, dí, ningunha alegación en contra, en



tempo e forma. Que, igualmente, lles van a comunicar aos promotores que por mor da Xunta de Galicia, se vai abrir un prazo de alegacións, aínda que lle doa falar así dun servizo da Xunta de Galicia, que anda a abrir expedientes contra obras en Alvarelle, en Area, etc., xa que teñen a valentía de enviar a este Concello a un conflito moi custoso economicamente, cando son os mesmos técnicos da Xunta que non fixeron nada contra outras licenzas outorgadas neste Concello por outro goberno municipal.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda darse por informado.

#### **6º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía

#### **ASUNTOS URXENTES:**

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, uns asuntos que non figuran na Orde do día da Sesión, motivado pola situación de premura de darlle solución aos problemas constructivos do barrio do Celeiriño, en Celeiro, así como a urxencia da realización das obras de reforma das VPO-PP en San Juan de Covas:

#### **“1º) PROPOSTA CONXUNTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**

**2º) PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DO ICIO Á LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REFORMA E EQUIPAMENTO DE 15 VIVENDAS VPO-PP, EN SAN JUAN DE COVAS, VIVEIRO, INSTADA POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO.”**

#### **1º) PROPOSTA CONXUNTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

O Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, agradece ao Voceiro do PP e aos Concelleiros do BNG e IU-EU, a suscripción conxunta da dita proposta, pasando a dar lectura da mesma.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar a proposta que, textualmente, dí:

“Ante a gravísima situación que padece este Concello derivada dos danos producidos no barrio do Celeiriño, e dadas as manifestacións realizadas polo Sr. Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia, na súa visita o pasado 13 de outubro ao Concello e ao lugar dos feitos, na cal expresou o seu compromiso de garantir “por todos os medios que as familias afectadas recuperen canto antes a normalidade, e se non pode ser nas súas vivendas que teñan acceso a outra nas mellores condicións posibles, e no entorno máis próximo”, o Pleno deste Concello acorda:



1º.- Instar á Xunta de Galicia, a fin de adopte un compromiso feaciente que dea seguridade aos veciños afectados, que con cargo dos presupostos daquela se vaia a garantir a reconstrucción e rehabilitación das vivendas afectadas ata o momento, e aquelas outras que poidan resultalo, así como os espazos e servizos públicos afectados, e no seu caso, adoptar as medidas oportunas que sexan necesarias para dito fin.

Todo elo, con independencia das reclamacións que os veciños e o Concello realizarán aos responsables dos danos ocasionados.

2º.- Que se comunique a tramitación a seguir para recuperar os gastos de desaloxo, realoxo e, en xeral, todos os gastos derivados deste incidente; así como os gastos futuros, dos que se está facendo cargo esta Corporación.”

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Obras e urbanismo para a súa tramitación.

**2º) PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DO ICIO Á LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REFORMA E EQUIPAMENTO DE 15 VIVENDAS VPO-PP, EN SAN JUAN DE COVAS, VIVEIRO, INSTADA POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO.**

Polo Sr. Alcalde indícase que do mesmo xeito que se fixo con outras obras e se propuxo en anteriores sesións plenarias e, de conformidade coa solicitude feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que a fundamenta nas dificultades que leva consigo a adxudicación da obra pola complexidade da mesma, ao estar ocupadas as vivendas que se van reformar; é polo que se considera conveniente atender á bonificación do ICIO da licenza de obra outorgada o 23 de febreiro do 2007, para de ese modo, facilitar a adxudicación da mesma, xa que do contrario a Consellería tería que modificar o proxecto desa licitación.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda:

**PRIMEIRO.-** Conceder ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a bonificación do ICIO da licenza de obra outorgada o 23 de febreiro do 2007.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo e aos departamentos de Obras, Intervención e Tesourería.”

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Sr. Alcalde sinálase que vai contestar aos Rogos e Preguntas formulados polo concelleiro de I.U-E.U., xa que os presentados polo Voceiro do P.P., Sr. Leal Arias, fóronno despois da data fixada para a celebración desta sesión en primeira convocatoria..

1. Para cando as reparacións das parrillas metálicas da baixada de Alonso Pérez a Verxeles á altura da empresa Alco; e a outra na subida á Carrapota, entre Xunqueira e Magazos?





---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

- Polo Sr. Alcalde respóndase que o indicaran a FEVE, engadindo que o que está arranxado amaño o Concello.
- 2. Este portavoz xa ten denunciado o retraso na reparación dos danos causados no mobiliario público polos accidentes de automoción, exemplo último o destrozo no tramo da Variante entre a ponte da variante e a saída da mesma.
  - O Sr. Alcalde contesta que se arranxarán en canto o Concello teña constancia do ingreso dos cartos pola Compañía de Seguros.
- 3. Xa denunciáramos noutras ocasións, o retraso do arreglo dos danos causados polas reparacións do pavimento que se provoca polas averías na rede municipal de augas, pero agora nesta caso denunciámos non só o retraso senón a mala calidade das reparacións das mesmas; ¿Váiselle esixir a esta empresa unha reparación axeitada?
  - O Sr. Alcalde dí que van a solicitar á Empresa un informe da obra executada para valorar se esta é ou non é adecuada.
- 4. Nun dos últimos Plenos o Partido Popular preguntaba pola situación da obra que se pretende levar a cabo en Magazos, no lugar da Capilla, ¿Cal é a situación actual desta obra? Xa que o le-treiro segue estando alí.
  - O Sr. Alcalde indica que lle dará traslado ao Tenente de Alcalde competente para que o res-ponda.
- 5. Nas cercanías da depuradoras de saneamento obsérvase un mal olor pronunciadísimo, ¿Coñecer vostede a razón deste mal olor?
  - O Sr. Alcalde responde que non ten coñecemento, que preguntará polo asunto, que non obstan-te cre que se está a formular mal a pregunta.
- 6. A Escola Taller de Viveiro ten o convenio de colaboración prorrogado ata decembro ¿Hai a po-sibilidade de que esta Escola Taller ou outro proxecto similar poida continuar as prestacións da mesma e ampliando os servizos como poidera ser un apartado medioambiental?
  - O Sr. Alcalde resposta que é certo, que conseguiron ata o mes de decembro, e que solicitaron unha Escola Obradoiro Medio Ambiental na Antiga Sociedade Agraria do Landro.
- 7. Na área recreativa de Portochao deixouse de forma desordenada as árbores que estaban nesa zona, esas árbores non se coidaron, secaron e son seres mortos e agora deixan unha imaxe de abandono. Rogamos se traballe na recuperación desa zona.
  - O Sr. Alcalde dí que se vai traballar e que se está a traballar. Que no presente día comezou o traballo un capataz e un enxeñeiro técnico.

Seguidamente formúlase o seguinte ROGO polo Voceiro do P.P., D.Guillermo Leal Arias:

Na sesión plenaria do 17 de outubro de 2008, aprobáronse unhas propostas relacionadas coa Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, formulándose pola súa parte unha pregunta ao Interventor sobre a existencia ou non de consignación orzamentaria nos presupostos do presente ano 2008, e que quedou claro que quería unha resposta.

Intervén o Sr. Interventor contestándolle que lle vai a respostar por escrito, ao que o Voceiro citado lle indica que cre que quedou claro que quería unha resposta.



---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

O Sr. Interventor resposta que, independentemente da resposta que lle facilitará por escrito, maniféstalle que o Concello pode establecer o seu compromiso mediante o acordo plenario que se adoptou na sesión citada, e que ao Interventor do Concello non lle corresponde dicir se para o ano 2009 vai a ver crédito consignado.

Finalmente o Sr. Alcalde dí que aínda que se de a resposta por escrito polo Servizo de Intervención que él mesmo pode aseverar que vai haber consignación para eses fins para o ano 2009 e seguintes, e que lle extraña que non se emitira informe técnico ou xurídico, e que o Sr. Interventor o contestará no prazo de dez días.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e trinta minutos esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.